

## Construír un **barco de noz**

É un enredo que se pode construír en calquera época do ano, pola capacidade de conservación do produto de que estamos a falar. Malia isto, os nenos e nenas prefiren facelo no verán, posto que aínda que se mollen en calquera rego non se sente tanto a molladura como no inverno.

Debemos fender a noz en dúas metades. Seguidamente realizamos o baleirado total dunha das partes, agás que queiramos facer dous barcos. Espetamos un escarvantes ou garabullíño estreito e aguzado na punta, e logo derretémoslle cera dunha candeia para aseguralo. Tamén se pode chantar ese pauciño na propia carne da noz e logo derreterlle a cera. Este sería o mastro da embarcación. Finalmente collemos un anaco de papel ou cartón fino e facemos unha vela apropiada para que o poida axudar o vento ou o sopro dos rapaces. A vela, ás veces, tamén se improvisaba coa folla dalgunha árbore.

Nas zonas costeiras había tendencia a facer barcos coa cuncha interna dunha xiba.

(Tirado do libro *Os xoguetes esquecidos* (2002) de Xosé López González e Xosé Manuel García, p.38).

Alén disto, na seguinte ligazón da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional hai indicacións para construír en papel distintas embarcacións e un chapeu de mariñeiro <https://xogos-tradicionais-corentena.weebly.com/papiroflexia-e-outras-brincadeiras.html>